

## Convocatoria para a elaboración de ESENCIAIS USC do Servizo de Normalización Lingüística 2024

O Servizo de Normalización Lingüística, de acordo coa súa misión de dotar de soporte técnico o proceso de normalización lingüística na Universidade de Santiago de Compostela promove, durante o presente ano 2024, a elaboración e edición de diversos títulos para a colección ESENCIAIS USC.

Os 'Esenciais' son un recurso orientado a apoiar o traballo do profesorado e do alumnado nos seus diferentes papeis na docencia. Trátase de resumir, en moi poucas follas, unha materia ou unha parte significativa dela, de modo que este material acabe converténdose nunha guía de referencia que acompañe ao alumnado no proceso de aprendizaxe dos contidos dunha materia.

Os 'Esenciais' deben constituír un resumo executivo do curso ou dunha parte salientable del, con información veraz e contrastada fronte a fontes non verificadas e servirán para mellorar o ensino, a aprendizaxe e a comunicación lingüística en galego no eido científico na universidade.

Os 'Esenciais' NON son unidades didácticas, presentacións de clase, versións elaboradas de apuntamentos, pósters de congresos...

A Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, define esta convocatoria para apoiar e financiar a elaboración e edición dixital de **doce títulos** para esta colección e resolve publicar a **convocatoria para a elaboración de ESENCIAIS USC 2024**.

### 1. Destinatarios

Poderá presentar propostas de ESENCIAIS USC o persoal docente e investigador da USC de maneira individual ou en grupos de ata tres persoas. Para facelo será preciso que polo menos un dos autores teña vinculación permanente coa USC ou que se poida verificar que no POD do curso actual imparta a súa docencia expositiva ou interactiva en lingua galega.

### 2. Tipoloxía das propostas de ESENCIAIS USC


Cada autor ou grupo de autores poderá presentar **un máximo de dúas** propostas.

As propostas de ESENCIAIS USC que se presenten a esta convocatoria deberán dirixirse preferentemente a fornecer de maneira didáctica e resumida conceptos esenciais dunha materia ou grupos de materias dos primeiros cursos de graos universitarios. Valorarase tamén que poidan ser utilizados en estudos de bacharelato.

Deberán axustarse a calquera destes tipos de documentos en función do volume de información que conteñan:

**A) 1 cara - caracteres máximos 7 500 (menos se se prevén ilustracións)**

**B) 2 caras - caracteres máximos 15 000 (menos se se prevén ilustracións)**




**C) 3 caras - caracteres máximos 22 500 (menos se se prevén ilustracións)**




**D) 4 caras - caracteres máximos 30 000 (menos se se prevén ilustracións)**



**E) 5 caras - caracteres máximos 37 500 (menos se se prevén ilustracións)**



**F) 6 caras - caracteres máximos 45 000 (menos se se prevén ilustracións)**



É posible consultar os títulos xa publicados desta colección na seguinte ligazón:  
<https://www.usc.gal/libros/gl/136-esenciais>

**3. Criterios xerais de valoración**

As propostas de ESENCIAIS USC, redactados en lingua galega, deberán dirixirse preferentemente aos colectivos indicados no punto 2 desta convocatoria.

Os criterios que valorará a Comisión de Normalización Lingüística do Claustro de maneira favorable na selección das propostas serán:

- Pertinencia e encaixe da proposta na colección Esenciais (ata 5 puntos)
- Implicación dos autores no uso do galego na docencia segundo o POD (ata 4 puntos).
- Coincidencia con actuacións de promoción do uso do galego que o SNL considere prioritarias (ata 3 puntos).
- Nivel de acabado da proposta (ata 3 puntos).
- Impacto na comunidade universitaria (ata 2 puntos).
- Novidade e orixinalidade da proposta (ata 2 puntos).
- Impacto no ensino non universitario (ata 1 punto).

A Comisión de Normalización Lingüística do Claustro procurará tamén que os títulos seleccionados cubran, na medida do posible, as cinco grandes áreas de coñecemento da Universidade de Santiago de Compostela, así como os estudos que se ofrecen tanto no campus de Santiago coma no de Lugo.

#### 4. Prazo e forma de presentación das propostas

O prazo de presentación das propostas de ESENCIAIS USC comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e rematará o día **28 de xuño de 2024** ás 14 horas.

Aquelas propostas que se presenten con posterioridade á finalización deste prazo quedarán excluídas.

Todas as propostas irán dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística, a través da SOLICITUDE XERAL do rexistro electrónico da USC e acompañarase un arquivo coa proposta en formato pdf: (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>).

Cada proposta debe incluír:

- a) Un título (que será preferentemente o nome dunha materia) e un subtítulo provisional
- b) Nome, apelidos e departamento(s) de pertenza do(s) autor(es)
- c) Contido completo da proposta de ESENCIAIS USC ou ben un resumo que o describa da mellor maneira posible
- d) Materia(s), curso(s) e grao(s) en que o contido sería utilizable.
- e) Guía docente das materias para as que se propón
- f) Plan de difusión, visibilización e emprego docente.

Terase en conta que, de se incluír gráficos, fotografías ou calquera tipo de ilustracións estas deben ser ou ben de autoría propia, ou posuír licenza *creative commons*. En caso de que isto non sexa posible deberase sinalar a necesidade dun profesional da ilustración para a creación das imaxes axeitadas aos contidos que se queiran mostrar.

#### 5. Resolución da convocatoria e selección dos propostas

A Comisión de Normalización Lingüística do Claustro valorará todas as propostas presentadas e fará unha selección daquelas quince que considere máis axeitadas. A súa decisión será inapelable.

Aqueles Esenciais de áreas de coñecemento abranguidas polas diversas Seccións da Real Academia Galega de Ciencias asignaráselles por parte deste organismo un colaborador que velará pola calidade científica do texto.

A relación de propostas aceptadas farase pública por resolución reitoral publicada no taboleiro electrónico da USC e no web do Servizo de Normalización Lingüística e notificarase aos propoñentes.

## 6. Publicación

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, publicará na colección ESENCIAIS USC os doce títulos seleccionados ao longo do curso 2024-25.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela e Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Igualmente, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito ata que non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 modificada por RR. do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/05/2024 12:58:12.

**CSV:** 6469-9E69-4744-ACE1